



CONCELLO DE BEGONTE

DECRETO DA ALCALDÍA.- Begonte, a 19 de Xuño de 2018.

ASUNTO: Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal de 2 peóns en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de 2 **Peóns**, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG nº 9, de 12 de xaneiro de 2018).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 6 de xuño de 2018,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidente: D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte

Suplente: D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.

Vogais:

- Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.
Suplente: Dna. Carmen Vázquez García, Empregado Público do Concello de Begonte.
- D. Alberto Jaime Lugilde Gude, Director da Oficina de Emprego Lugo-Sur, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Suplente: Dna. M.^a Mar Iglesias García, Coordinadora de Orientación Laboral, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Dna. Carmen Cruces Artero, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Suplente: D. Juan Carlos Pérez Portas, Representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Secretaria: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado Público do Concello de Begonte.



CONCELLO DE BEGONTE

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro luns, día 22 de xuño de 2018 ás 09.45 horas na Casa da Cultura de Begonte, para a súa constitución e proceder a continuación á realización das entrevistas, realización da proba práctica e valoración na fase de concurso dos meritos alegados polos aspirantes.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización das entrevistas, realización da proba práctica, nos seguintes horarios:

- 10.00 h. na Casa da Cultura de Begonte, entrevistas.
- 12.00 h. no Polígono Industrial de Begonte, proba práctica.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte a dezanove de xuño de dous mil dezaoto, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.